

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
González Santamaría, Pedro
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica
DESCULPA ASISTENCIA
Cebro Barreiro, Sabela

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 5 de novembro de dous mil catorce, convocada para as 9:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Sala de Xuntas de Xerencia.

O día **5 de novembro de 2014** ás 10:05 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 21 de outubro de 2014.
2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais.
3. Sorteio da letra para a elaboración das papeletas.
4. Delegación na secretaria xeral, se procede, da proclamación provisional de candidaturas.
5. Asuntos varios.
6. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 21 de outubro de 2014.

Informa a secretaria xeral dunha alegación á acta, presentada por D. Federico Fernández, solicitando a eliminación dun parágrafo que correspondía á acta da sesión anterior. Feita a corrección pertinente, remitiuse aos membros a nova acta. Non se presentaron alegacións.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais.

O presidente cede a palabra á secretaria xeral, quen informa do procedemento de establecemento dos censos electorais nestas eleccións. Indica que os alumnos de grao, considerados alumnos de 1º ciclo, aparecen no censo de aqueles departamentos que impartan docencia das materias nas que estea matriculado.

Nos sector de estudantes de doutoramento (3º ciclo) os estudantes aparecen censados nos centros, polo que para que poidan participar nas eleccións aos departamentos acordouse adscribir a todos os estudantes ao departamento ao que pertenza o director da súa tese de doutoramento. Esta adscripción realízase de oficio na secretaría xeral cando o departamento comunica oficialmente os estudantes que están a realizar baixo a tutela dos seus profesores, ou ben cando o comunica o alumno interesado. Neste último caso pídese que aporte un escrito do director ou directora da súa tese para certificar a adscripción.

En canto aos estudantes de máster, inicialmente figuran no censo do centro onde realizan dito máster, para que poidan exercer o seu dereito a ter unha representación nos consellos de departamento, acordouse adscribir a todos os estudantes de máster ao departamento ó que

pertenza o coordinador/a do máster. Explica a secretaria xeral, que de ser as eleccións a finais de curso se optaría por asignar ao departamento do titor o traballo fin de máster, pero nestas datas non se pode facer.

Non obstante o exposto anteriormente, no caso de que algún estudante de máster desexe ser adscrito a un departamento implicado na docencia dalgunha das materias nas que estea matriculado, poderá presentar unha reclamación durante o período de reclamacións.

Explica a secretaria que o Regulamento para a elección de estudantes aos consellos de departamento di que as reclamacións aos censos as resollen as xuntas electorais dos centros, salvo por aquelas que polas súa natureza as deba resolver a Comisión Electoral, polo que os censos se complican ao ter que incluír as reclamacións por ambas vías.

Así, ademais das reclamacións que aceptan os centros, na secretaría xeral acéptanse de oficio as seguintes:

a) Cambios de adscrición dos alumnos de máster comunicados polo departamento (por exemplo Dpto. de Dereito Público Especial) ou por solicitude do alumno (p.e. caso de Santiago Pato Rodríguez).

b) Alumnos de doutoramento, p.e. o de dona. María Goretti Castro Justo, adscrita á Facultade de Química, está realizando a tese de doutoramento no Departamento de Química Inorgánica.

c) Tamén se realizan de oficio os cambios relativos a profesores asociados ou profesores en formación que estean realizando a tese de doutoramento. Dado que aparecen no censo de estudantes de 3º ciclos e o “Procedemento para a elección de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento” dispón no artigo 4.5 que “Ningunha persoa poderá ter a condición de elector ou electora de dous ou máis sectores de representación distintos, nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais”, deben optar por un dos sectores no período de reclamacións. De non realizalo así, de oficio inclúense no censo de profesorado e elimínanse do de 3º Ciclo. Como exemplo expón a secretaria xeral o caso do Departamento de Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción, que nos comunica que varios profesores son estudantes de terceiro ciclo e que non optaron por un dos sectores no prazo de reclamacións. Este caso non está incluído na documentación aportada coa convocatoria, xa que recibíuse con posterioridade.

Intervén dona Mónica Zas para preguntar polo caso dos estudantes de doutoramento do Departamento X13; uns teñen que votar nun centro e outros noutro. Comenta a secretaria xeral que, en efecto, este feito detectouse na secretaría xeral, pero non afecta ao proceso, xa que todos participan nas eleccións do mesmo departamento. Dado que son centros próximos, considérase que non é causa de gran problema.

Intervén don Federico Fernández para solicitar que este tipo de erros se solucionen no futuro. Responde a secretaria xeral que é cuestión de realizar unha adscrición informática, pero non é doado por como se matriculan estes alumnos e de quen dependen estes estudos de máster e departamento.

Punto 3. Sorteo da letra para a elaboración das papeletas.

No sorteo realizado foron seleccionadas as letras “e” e “i”.

Punto 4. Delegación na secretaria xeral, se procede, da proclamación provisional de candidaturas.

Diante da dificultade do presidente para estar presente na xuntanza da Comisión Electoral prevista para o 19 de novembro, data na que debe realizarse a proclamación provisional de candidaturas, propónse delegar na Secretaría Xeral este procedemento.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Asuntos varios.

Comenta a secretaria xeral que será necesario realizar en breve unha xuntanza extraordinaria para tratar o recurso presentado por unha profesora do Departamento de Dereito Público Especial contra o proceso de elección de director de departamento. Avísase porque, dadas as dificultades de axenda, non poderá proporse ningunha variación nas datas da convocatoria, como é habitual.

Lembra dona Beatriz Vaquero que o día 11 de novembro é festivo en Ourense, e solicita que sexa tido en conta para establecer a data desa xuntanza.

Punto 6. Rolda libre de intervencións.

Non hai intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:25 h do día 5 de novembro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris